

Bautista Álvarez

**OBRAS
ESCOLLIDAS**

Volume III



EPÍLOGO

Este volume esixía un prólogo. Dado que os meus editores entregárono ao prelo antes de escribilo, as explicacións propias do exordio vou tratar de resumilas nun epílogo, por se chega a tempo antes de que o libro saia da imprenta. Existe outra razón. Á terceira idade non lle vai a redacción de prólogos. Aquécelle mellor escribir epílogos. No presente capítulo tratarei de xustificar a inclusión dalgúns artigos que aparentemente parecen intrusos dentro dunha recopilación de escritos de contido político. Dá a sensación de que se introduciron aquí por non ter outro lugar no que acampar. Non interpretemos o cualificativo en sentido restrinxido. Tratarei de explicar as aparentes incoherencias.

Comezando por *Reflexións ao mencer*, que semella a redacción bucólica dunha madrugada madrileña, ten un protagonista que nos transporta ao drama da emigración galega. O macho que arrastra o carro trapeiro polas rúas da cidade arela volver a turrar do arado que deixou tirado na campía castelá. ¡Cantos galegos emigrados que abandonaron a aixada no medio da leira non pensan

a miúdo en retornar e retomala para con ela labrar a súa tumba! As casas construídas cos salarios aforrados non teñen outro significado. Non é preciso forzar a interpretación para ver no conto de «Barbeito era un bo rapaz» un conflito de clases. Entre o patrón e o seu empregado, entre os dous irmáns con diferentes posicións sociais. Non digamos xa a moza que sacrificou o impulso do amor ao atractivo do diñeiro. Ten mellor encaixe o artigo sobre Brais Pinto, o primeiro intento de organizar politicamente o nacionalismo galego de postguerra, e que influencias externas retrasaron o su obxectivo inicial.

O clero galego ten protagonismo en tres artigos. Ben o merece. A colonización do noso país non se entendería sen a colaboración da institución eclesiástica, opinión compartida polos seus representantes menos alienados e sectarios. Entremos na igrexa de calquera aldea e escoitemos o idioma empregado nas homilías e na liturxia. A nosa lingua, timidamente, foi penetrando en lugares nos que antes estaba vetada. O templo resístese aínda. Houbo un tempo no que os nacionalistas pensábamos que había esperanzas de galeguizar o púlpito. A esta pretensión pertencen os tres artigos do presente volume e outro publicado no semanario *Signo*. Esperanzas baldías. Como afirmou o famoso Fidalgo, coa Igrexa topamos. É unha roca tan dura que nela non entran razóns senón misterios.

Ningunha das conferencias transcritas no libro contaba con soporte escrito. Algunha delas nin sequera se apoiou nun guión que lle servise de fío condutor. Foron tomadas polos meus editores de gravacións magnetofónicas que eu non tiven ocasión de consultar nin cotexar. Ademais de corrixir a puntuación vinme obrigado a suplir deficiencias que nas copias figuraban en puntos suspensivos

ou completar frases que no orixinal que se me entregou aparecían demoucadas. O lector saberá comprender certos retoques que en ningún caso alteran o contido das intervencións, e moito menos introducen ningunha engádega para enriquecer os discursos orixinais, cousa que faría se tivese que repetilos.

Hai outro aspecto que precisa puntualización. Tiven que unificar o galego empregado nos diferentes temas. Escritos en distintas épocas, cando o noso idioma non contaba cunha normativa de concordia, foi necesario unificar a redacción para depurala unhas veces de enxebrismos e outras de lusismos non admitidos pola RAG. Respeitando as variantes léxicas máis acordes coa etimoloxía (*amábel* en lugar de *amable*), procurei usar o galego da televisión, o que se fala na tribuna, o que se ensina na escola, o que rotula os hospitais do SERGAS, a lingua que utiliza a xente que non tivo ocasión de lavala nas augas do Teixo nin do Douro. Bastantes problemas ten Galiza para combater o idioma intruso sen que teñamos que enfrontarnos a el cun galego dividido. Eu, que son da aldea, prefiro o *sermo vulgaris*. O *cultus* déixollo para os eruditos.

Bautista Álvarez
14 de xaneiro de 2017

ÍNDICE

Reflexións ao amencer	7
«Brais Pinto», Nova Colección de Poesía Galega	11
Barbeito era un bo rapaz	15
Carta circular ao Cardeal, Bispos e Cregos de Galiza	27
Autodeterminación de Galiza	33
O clero galego e o idioma na liturxia	39
Discurso pronunciado no Centro Recreativo de Figueiró (Tomiño)	45
A Igrexa galega fala aínda castelán	63
Aproximación a Castelao	71

Galiza non é España	87
Autonomía, novo disface do imperialismo	93
A soberanía galega contemplada desde as «Bases Constitucionais»	97
Polémica artificial sobre o Estatuto	103
Sentando as bases da nova fraude política	109
O «nacionalismo» convertido en mercadoría electoral	115
A ausencia na Galiza no debate parlamentario	121
Intervención como Deputado do Bloque-PSG no Parlamento de Galiza co gallo da proposta de resolución de incumprimento dos deputados do Bloque-PSG de prestar promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galiza	127
Unha sentenza amañada	137
Intervención na Praza da Quintana o 25 de xullo de 1984	145
Discurso de Bautista Álvarez no Día da Patria Galega de 1985	151

Un partido comunista, motor e vangarda da loita patriótica	157
Valoración do V Congreso da UPG	161
Galiza de seu. Lei de Bases: propostas de hoxe para camiñar mañá	167
O Parlamento. Institución fundamental da democracia	171
Intervención nun acto político en Vigo co gallo da conmemoración do Día da Patria Galega	175
Un ollo de vidro	193
Garantir o futuro de Galiza	199
Autonomía e autodeterminación	203
O nacionalismo galego nos anos da transición	211
Un acto de represión sobre o nacionalismo	219
Intervención no acto de conmemoración do 40 Aniversario da UPG	227
Conferencia no centro socio-cultural de Imo, Dodro	237
Conferencia sobre a clandestinidade no franquismo	255

Intervención no XXV Aniversario do BNG	267
Intervención no enterro de Lois Obelleiro	279
Intervención en Viveiro sobre o Día da Patria Galega	283
A comedia do xuramento	295
Un nacionalismo trilingüe	299
Epílogo	309